



## **ANTECEDENTES**

Estes días estase notificando por parte do SERGAS, e vía correo ordinario, á parte dos veciños das parroquias de Santa Cristina de Cobres e de San Adrián de Cobres o cambio de Médico de medicina xeral, e tamén a ubicación do servizo para o Centro de Saúde do Toural.

As reclamacións dos veciños radican, basicamente, na dificultade de desprazamento ata o Centro de Saúde. Hai que ter en conta que gran parte dos veciños afectados son xente maior ou persoas que non teñen como desprazarse, e que na actualidade ao ter cerca o consultorio, se desprazan andando.

Hai que recordar que o consultorio de Cobres foi reformado hai uns anos co obxectivo de ofrecer unha mellor atención primaria aos usuarios das dúas parroquias afectadas, e tamén para suprimir as barreiras arquitectónicas do anterior consultorio.

Tendo en conta estes motivos, e dado que un dos obxectivos da Atención Primaria é atender os problemas de saúde desde unha perspectiva continua e próxima ao domicilio dos pacientes

## **SOLICITO**

Que no próximo Pleno o goberno municipal ou a concelleira de sanidade expoña os motivos ou criterios que se tiveron en conta para facer estas variacións, e explique se, dende o concello, se está levando a cabo algunha actuación para arranxar este problema.

Vilaboa, 20 de novembro de 2007  
O grupo municipal do BNG